



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia os Srs. Alberto Valderruten, José María Castrillo Neira, Luis Caparrós e Xurxo Dopico.

### **1. Informe do reitor**

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor saúda os novos membros do Consello de Goberno que se incorporan en representación dos directores de departamento (Antonio Valle Arias e Ignacio Colominas Ezponda).

O reitor pasa a expor que nesta ocasión lamenta ter que comezar o seu informe dando conta ao Consello de Goberno das declaracións do vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, D. Xosé Lois Martínez, que deron lugar á decisión do seu cesamento inmediato.

Neste caso coinciden tres circunstancias cuxa gravidade, por responsabilidade, non poden minimizarse: en primeiro lugar está a execución ou posta en marcha de obras sen as debidas licenzas. En segundo lugar, a ostentación reiterada de tal comportamento. Por fin, o dano que tal comportamento irresponsable puido causar e causa á imaxe da Universidade e, máis en concreto, ás nosas relacións con outras institucións, relacións que sempre estiveron baseadas no diálogo e na colaboración responsable, como non fai falta dicir.

O reitor manifesta que non é a súa intención distraer ningunha responsabilidade falando das dificultades que esta Universidade arrastra desde o seu comezo para a adquisición de solo urbanizable e para a compensación do noso déficit histórico en infraestruturas. Son dificultades vinculadas á nosa centralidade no tecido urbano da Coruña, coa súa parte positiva e a súa parte negativa. Pero como se dicía no comunicado que foi publicado o 10 de outubro, esta circunstancia en ningún caso xustifica



obrar á marxe da norma. Tales comportamentos non soamente son inxustificables e nocivos, senón que son inútiles para o fin que pretenden, como se demostra facilmente.

O reitor anuncia que o diálogo co Concello da Coruña vai por bo camiño e hai vontade construtiva por ambas as partes, como non podía deixar de suceder entre institucións responsables. As dúas institucións comparten o interese común en eliminar sombras sobre a tramitación administrativa, e o certo é que a nosa non é unha actuación tan illada como puidese pensarse, pois existen casos paralelos ao noso no terreo da construción pública, algúns ben preto, como é o do CHUAC, sinalado hai uns días precisamente polo presidente do Colexio de Arquitectos. Por fortuna, nos casos das obras destinadas a prestar servizos públicos, a tramitación de licenzas pode acelerarse e repararse con facilidade. O reitor agarda que poidamos volver á normalidade no prazo máis curto posible.

O reitor subliña que en ningún momento pretendeu, nin el nin o consello de dirección que preside, mirar para outro lado. Asumiuse a responsabilidade que tocaba, pois ante a creba das responsabilidades ligadas a esa vicerreitoría, actuouse coa maior rapidez e contundencia. Actuouse ademais coa maior transparencia. Coñecidos os feitos, comunicóuselle a decisión en primeiro lugar á comunidade universitaria, déronse instrucións para a paralización das obras en marcha no campus de Elviña e comezou a analizarse a situación administrativa desas obras.

Xa para finalizar este punto, o reitor reitera que a vontade do seu equipo de goberno será sempre render contas en primeiro lugar ante a comunidade universitaria, representada hoxe polo Consello de Goberno, do mesmo modo que fixemos coa comunicación do cesamento.

Tras o informe anterior, o reitor dá conta da realización dunha reunión da CRUE o pasado xoves día 13, en que se escolleu presidenta á reitora de Málaga, Adelaida de la Calle. No equipo directiva da CRUE estará o reitor da Universidade de Valladolid, Marcos Sacristán.

Felicítase de que o *Boletín Oficial del Estado* do pasado 4 de outubro fixese pública a resolución dos Premios Miguel Hernández, que apoian e difunden as boas prácticas e experiencias de aprendizaxe ao longo da vida en España, coa mención honorífica á promoción da dimensión europea na Universidade Sénior da Universidade da Coruña dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea.



O reitor dá conta de que a Mesa do Claustro do pasado luns, día 17 de outubro, aprobou as propostas dos Departamentos da Facultade de Filoloxía de doutoramento *honoris causa* de Manuel Rivas Barrós e John Rutherford. O acto de investidura celebrábase en canto o permitan as axendas dos novos doutores *honoris causa*.

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa que desde o anterior Consello de Goberno imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2010 no expediente V-0011-11 por importe de 98.524,82 €

O vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa da extinción da fundación Centro Galego do Plástico, recollida no DOG de 18 de outubro e a próxima extinción, xa acordada, da Fundación Centro Têxtil de Galicia. En ambas as dúas participaba a UDC. O espazo provisorio ocupado pola Fundación extinguida do Centro Têxtil de Galicia no CITIC sairá proximamente ofertado dentro da inminente convocatoria para ocupar os espazos da ampliación do CITIC.

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria de 29 de setembro de 2011**

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, Ana Barxa (Comités), solicita unha corrección da súa intervención, en que pediu os taboleiros para os campus, non para as facultades. Amelia Fraga (IESGA) quere que conste que a explicación de voto de José María Castrillo non foi a título persoal, senón en representación de IESGA.

Xosé Portela (APA) considera que na acta aparecen frases que o secretario xeral non dixo no Consello de Goberno, polo que pide que se graven as súas sesións. O reitor replica que o Regulamento interno non permite gravar, e que, se o considera oportuno, debe promover unha modificación en tal sentido do Regulamento de réxime interior do Consello de Goberno.

Tras o anterior, a acta apróbase por asentimento.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios, que se



clasifican nesta ocasión en convenios marco (2), convenios específicos (9) e convenios para prácticas (5) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento segundo figura no **anexo III**

#### **4. Informe sobre a Resolución reitoral pola que se convocan eleccións á Reitoría da UDC**

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen expón que se trata de dar cumprimento ao artigo 36.1 do Regulamento electoral xeral, en que a convocatoria de eleccións debe ser informada polo Consello de Goberno.

A continuación, expón as novidades introducidas na Resolución reitoral: prohibición de acumulación de máis de dous mandatos como requisito de elixibilidade; dobre mesa de votación do PAS na Reitoría; sistema de voto anticipado telemático; e a cantidade prevista para axudar á campaña das candidaturas que se presenten (5.000 €), que baixa 1.000 desde a prevista en 2007, pero que supón un esforzo da Institución para facilitar a máxima participación.

Ontes envióuselles aos membros do Consello unha rectificación de erros da proposta de RR, marcada en vermello (prazos). A maiores, detectouse onte pola tarde outro erro no punto once do calendario, en que faltaba o día de remate do prazo de presentación de recursos ás solicitudes de voto anticipado e o prazo de resolución.

O prazo quedaría do 17 de novembro (xoves) ao 21 de novembro (luns), até as 14:00 h. A Resolución sería o día 22 de novembro de 2011 (martes).

Xosé Portela intervéen para preguntar por que non pasou a Resolución pola Comisión Electoral Central. O secretario explica que na recente reforma do regulamento, discutiuse esta cuestión abondo, aprobándose esta solución para axilizar trámites sen perda do control democrático da convocatoria de eleccións, que realiza o máximo órgano colexiado de goberno da UDC por vía de informe.

Sen máis intervencións, a resolución reitoral infórmase favorablemente por asentimento segundo figura no **anexo IV**.



**5. Autorización, se proceder, da creación de EBT Syntheractive (artigo 3.7 do Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC)**

Toma a palabra o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, que explica o procedemento de aprobación desta EBT, en que o Consello de Goberno autoriza. Trátase de lograr retornos económicos para a Universidade, poñendo o coñecemento xerado na UDC ao servizo do tecido produtivo e tamén da propia institución.

Xosé Portela preocúpase pola situación laboral dos traballadores desta empresa, ao estar participada pola UDC. O vicerreitor replica que as relacións entre PDI e estas empresas está ben regulada na Lei, mentres que os traballadores que poida contratar a empresa para atender o seu xiro ou tráfico específico non contraen ningún vínculo xurídico-laboral coa UDC, pois ese aspecto aparece suficientemente regulado no Regulamento. Tamén indica que no regulamento se prevé a promoción da contratación de licenciados/as da UDC nestas empresas.

Xosé Portela pide que conste o seu voto en contra.

O resto do Consello de Goberna pronúnciase favorablemente por asentimento conforme coa documentación que figura como **anexo V**.

**6. Informe sobre o recoñecemento de empresas asociadas da UDC (artigo 3.3 do Regulamento de creación e recoñecemento de empresas da UDC)**

Toma a palabra o vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, que explica o procedemento de recoñecemento de empresas asociadas, destinadas a darlle un selo ás empresas que saen do viveiro de empresas da UDC, e manter unha relación con elas. Trátase das empresas *Teimas Desenvolvemento, S.L*, *Goovent Technologies, S.L.N.E*, *Tileuco Solutions, S.L*, *Avansig SLL*, *Galebook, SL*.

Portela pide que a documentación veña con seriedade na súa elaboración, pois na documentación xustificativa de *Avansig* incluso se di que falta documentación. O representante do PAS insiste en que a Universidade non é un negocio.

O vicerreitor replica sobre a confección do expediente, e aclara que a universidade debe mirar cara ao mercado, queirámolo ou non.



Tras o anterior intercambio de pareceres, infórmase favorablemente por asentimento segundo a documentación que figura no **anexo VI**.

## **7. Premios Extraordinarios de Doutoramento**

A vicerreitora de Investigación expón as propostas de premios de doutoramento correspondentes ao curso 2009-2010, que se corresponden coa proposta da Comisión de Doutoramento reunida o 30 de setembro, que pola súa vez acepta todas as propostas que veñen das comisións das distintas titulacións.

En quenda de intervencións, o profesor Pedro Gil solicita a revisión do catálogo de títulos que se teñen en conta para a concesión de premios extraordinarios de doutoramento, por non aparecer titulacións como Podoloxía.

A vicerreitora de Investigación aclara que é preciso un número mínimo de teses nunha titulación determinada para convocar o premio e no curso para o que se conceden non as houbo en Podoloxía. Non obstante, coincide na necesidade de cambiar o procedemento de convocatoria e concesión de premios extraordinarios de doutoramento de acordo coa nova estrutura dos estudos universitarios en graos e mestrados.

Tras o anterior debate, apróbanse os premios extraordinarios de doutoramento, que se incorporan como **anexo VII**.

## **8. Quenda aberta de intervencións**

A vicerreitora de Investigación pide a palabra para informar sobre a publicación da listaxe de recoñecemento de doutoramentos de excelencia, en que a UDC conseguiu o recoñecemento de 11.

Lembra que o 12 de outubro saíu publicada no BOE a convocatoria para a mobilidade de profesores e estudantes en doutoramentos con mención de calidade e en doutoramentos con mención europea, que considera moi confusa e con tempo moi escaso para a presentación de solicitudes.

Tamén indica que saíu xa a Resolución provisional dos contratos predoutorais da Xunta de Galicia (un total de 126), dos cales 29 son alumnos da UDC, quedando entre os suplentes 5 solicitantes da UDC. Así mesmo, publicouse a resolución provisional da convocatoria de axudas



FPU, en que figuran 15 solicitantes da UDC. Ambas están pendentes da resolución definitiva.

No DOG de 4 de outubro saíron publicados os cambios de data de xustificación das distintas liñas de axuda da Xunta de Galicia.

A vicerreitora aclara a viabilidade de manter os calendarios de mestrado e doutoramento aprobados no seu día, que fora obxecto dunha pregunta do Profesor Miguel Miguel Muñoz Cantero no anterior Consello de Goberno.

En quenda aberta de intervencións, Luis Castedo pregunta sobre as obras sen licenza no campus e as actuacións abertas pola Fiscalía.

Tras lembrar a valía dos dous novos doutorandos honoris causa, solicita aclaración sobre os criterios seguidos para decidir sobre as propostas de doutoramento que presentan os distintos departamentos.

Xosé Portela informa que faleceu Leopoldo Carnicero Durán, traballador xubilado da Facultade de Ciencias, e solicita a constitución dunha comisión de xubilacións ou decesos que elabore un protocolo para estas circunstancias. Tamén manifesta as súas dúbidas sobre a ignorancia do equipo reitoral respecto da carencia de licenzas. Considera que o equipo é corresponsable de todo o feito, e non hai un só culpable. Todo o equipo ten responsabilidades. Finalmente, solicita información sobre a RPT de persoal laboral.

Amelia Fraga intervén para manifestar, en primeiro lugar, a inqueda dos estudantes polas consecuencias que poidan ter as obras ilegais da UDC. En segundo lugar, critica que nas votacións para a elección dos estudantes no anterior Consello de Goberno non se cumpriran os acordos acadados con outras forzas estudantís. En terceiro lugar, di que acudiu a Madrid para representar a Universidade da Coruña no Consejo de Estudiantes, poñendo ao dispor dos membros do Consello de Goberno a documentación dese Consejo de Estudiantes, en especial aos restantes compañeiros estudantes (Regulamento de convivencia e disciplina).

O profesor Miguel Muñoz Cantero pregunta sobre a finalidade da obra do novo acceso traseiro á Facultade de Dereito.

Ramón Fernández Cervantes solicita información sobre quen pasou a ser titular en funcións da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental.





O reitor replica comezando polo final, informando que as competencias foron asumidas provisionalmente polo vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica e pola Xerencia.

O reitor aclara tamén que a Fiscalía lle solicitou información ao Concello, non á UDC, aínda que colaboraremos fielmente co Concello en todo o que sexa necesario. As obras da entrada traseira da Facultade de Dereito obedecen en parte á adaptación dos espazos da Facultade a Boloña e, en parte, a un problema de seguridade viaria, pois a velocidade que acadaban os coches na entrada da Facultade aconsellaba amortecer o tráfico.

En contestación a Xosé Portela, a xerente reitera que non foi aprobado o plan de sustentabilidade pola Xunta, polo que non hai proposta de RPT. O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica aclara que a política de contratación de profesorado respecta todos os acordos aprobados pola UDC e os límites orzamentarios previstos nos plans aprobados pola UDC.

A respecto dos criterios de oportunidade manexados nos doutoramentos honoris causa, o reitor contesta que houbo un atraso na proposta de John Rutherford, pero foi para equilibrar a cuestión de xénero. En 2010 foi prioritario o doutoramento de María Wonenburger e en 2011 pareceu oportuno, pola súa complementariedade, levar ambas as propostas de Manuel Rivas e John Rutherford de xeito conxunto.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:25 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral  
Carlos Amoedo Souto

O presidente  
José María Barja Pérez